

MARQUESA COLOMBI

Un matrimonio provinciano

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

Resulta difícil imaxinar unha mocidade máis monótona, sórdida e carente de calquera alegría ca a miña. Ao lembrala, decorridos tantos e tantos anos, aínda volvo sentir o inmenso fastío daquela calma morta que enchía, inalterable, o longo período de tempo que transcorría entre os espazados e escasísimos acontecementos familiares.

Non coñecín a miña nai, pois morreu no meu primeiro ano de vida. A miña familia estaba composta polo meu pai, o notario Pietro Dellara; por unha vella tía súa, unha solteirona enxoiada e seca coma un arenque que durmía na cociña, onde colocara un biombo para ocultar a súa cama, e que pasaba a vida ás escuras detrás del; pola miña irmá máis vella, Caterina, a quen lle chamabamos Titina; e por min, que herdara do meu padriño o desafortunado nome de Gaudenzia, reducido no uso familiar ao ridículo diminutivo de Denza.

Tiñamos unha casa... Meu Deus, vaia casa! O recibidor, de tamaño normal mais baleiro de todo, era tan luminoso que cegaba, e nel non había nin onde pousar un chapeu. Uns cantos testos cun reboutallo de terra erma e uns poucos gallos de plantas mortañas de sede, porque ninguén se preocupara de regalallos, cangábanos aquí e acolá e servían, cando cadraba, para manter aberta a porta que conducía á sala.

A sala, ampla, cadrada, luminosa, demasiado luminosa porque nas fiestras non había cortinas, veos, nin colgaduras de ningún tipo, estaba amoblada cun diván acaroado á parede principal, en fronte das ventás; catro butacas, dúas á dereita e dúas á esquerda do devandito diván, arriamadas á parede, e oito cadeiras ao longo das paredes laterais, catro en cada lado. No medio da sala había unha mesa redonda cuberta cun tapete de la, e sobre o seu rosetón central pousárase unha caixa para luvas coa tampa de vidro, a través da cal se vía un par de guantes brancos bastante luídos. A caixa fora un agasallo de voda do meu pai á súa esposa, e as luvas eran as que a miña coitada nai levara o día do seu casamento. Ao redor da caixa dispúñanse encol da mesa dous gardapanos de mesa de cânabo coa frase «Bo apetito» bordada en cada un deles; unha cigarreira de veludo encarnado, cun pensamento bordado en seda; e mais un cartapacio de pel escura acolchado con raso azul mariño, que sempre estaba aberto para deixar ver un cunco e unha bandexa de prata, regalo do meu padriño á miña nai con motivo do meu nacemento.

Ningún daqueles obxectos se usara nunca para o que fora destinado porque o meu pai os consideraba demasiado luxosos e, en consecuencia, deixábaos quedar na sala, a estancia máis suntuosa da casa.

Despois da sala viña o cuarto do meu pai, cun gran leito nupcial que o enchía por completo. Na cabeceira da cama había dúas pías de auga bendita de prata cicelada, que o tempo enferruxara volvéndoas máis bonitas; outras dúas pías de porcelana en forma de anxo, cuxa faldra levantada servía de prexexa e, finalmente, unha quinta pía de cobre arxénteo, que aínda que perdera a prata era a única que en verdade contiña auga bendita. Sobre as pías penduraban moitas ramas de oliveira e de palma e un fatado de cirios benditos o sábado santo, os cales permitían contar os anos

